

Deseño de experiencias de aprendizaxe dixitalis con perspectiva DUA

OPCIONAL. Cal é a situación de aprendizaxe? Como esta experiencia ten sentido e está conectada co alumnado.

Inspírate [aquí](#), [aquí](#), [aquí](#), [aquí](#), [aquí](#)

Durante a segunda avaliación os contidos do bloque 2 serán traballados de forma dixital a través dun traballo en grupo colaborativo. Trátase da realización dun cómic dixital relacionando os contidos de contaminación, problemas ambientais e desenvolvemento sostible a partir dun obxecto da vida diaria, por exemplo, un bote de refresco. Terán que poñer en xogo a súa creatividade e os seus intereses, ademais de fixarse en problemas ambientais próximos (sen desbotar algún problema global como a chuva ácida).

Criterio(s) de avaliación. O alumnado será capaz de....
(<https://www.edu.xunta.gal/proens/>)

Puntos clave dos obxectivos (saberes, habilidades, etc). Que precisa saber e saber facer o alumnado para acadar o obxectivo?
(<https://www.edu.xunta.gal/proens/>)

DOG- LOMLOE, 4º ESO en Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional

B2.1. Precisar en que consiste a contaminación, e categorizar e identificar os tipos máis representativos.

B2.2. Contrastar en que consisten os efectos ambientais da contaminación atmosférica.

B2.3. Precisar os efectos contaminantes que se derivan da actividade industrial e agrícola, nomeadamente sobre o solo.

B2.7. Precisar e identificar as fases procedementais que interveñen no tratamento de residuos e investigar sobre a súa recollida selectiva.

B2.8. Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social.

B2.10. Analizar e contrastar opinións sobre o concepto de desenvolvemento sostible e as súas repercusións para o equilibrio ambiental.

- Contaminación: concepto e tipos.
- Contaminación atmosférica: orixe, tipos e efectos.
- Contaminación do solo.
- Xestión dos residuos.
- Xestión do planeta e desenvolvemento sustentable.
- Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.
- Discriminación sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención.
- O uso das tecnoloxías da información e da comunicación neste bloque está especialmente recomendado para realizar actividades de indagación e de procura de solucións ao problema ambiental, do mesmo xeito que o traballo en grupo e a exposición e defensa das conclusións das investigacións por parte dos/das estudantes.

Que tarefas ten que facer o alumnado para practicar ata chegar ao obxectivo? <i>Describe brevemente a secuencia didáctica .</i>			
Describe a actividade que vas levar a cabo. - engado a presentación para o alumnado da tarefa - explicación de como se fará na aula (xestión)	Proporcionar múltiples formas de representación (Principio I DUA). Esta actividade axúdate a conseguir este principio? Como?	Como vas proporcionar múltiples formas de acción e expresión (Principio II DUA). Esta actividade axúdate a conseguir este principio? Como?	Como vas proporcionar múltiples formas de implicación (Principio III DUA). Por que o alumnado vai estar motivado en cada unhas das actividades.
“A vida do Sr Al’Umí’Nio” Durante a segunda avaliación, o alumnado fará un proxecto de investigación (1 sesión/semana) no que o resultado ou produto final é un cómic no que se recolla o ciclo de vida do aluminio, dende a súa extracción como mineral primario no Amazonas ata o seu desbote final nun país desenvolvido como o noso.	Proporciona múltiples formas de representación porque hai distintas opcións de <u>personalizar a visualización da información</u> , por medio de: debuxos, viñetas, distintas grafías, vocabulario máis coloquial,... e tamén hai <u>alternativas para a información auditiva</u> . <u>Activa coñecementos previos</u> e ademais eles deben <u>destacar elementos claves e enlazar ideas principais</u> para deseñar a tira cómica.	Proporciona múltiples formas de acción e expresión . Van poder <u>utilizar distintas ferramentas web interactivas</u> para a construción e composición do produto final, este vai de menos a máis, <u>necesita planificación e van ir acadando metas pouco a pouco</u> , polo que deberán <u>usar distintas estratexias de resolución de problemas</u> .	Proporciona múltiples formas de captar o interese . É un traballo en grupo que vai fomentar a colaboración, <u>facilitando que cada un aporte as habilidades que se lles dean mellor</u> . Involucra ao alumnado <u>no establecemento de obxectivos</u> . Van traballar con tecnoloxías e ferramentas atractivos e motivantes. <u>Proporciona opcións de color, deseño, gráficos, disposición, etc.</u> O resultado <u>é significativo e atractivo, próximo a súa vida cotiá</u> .



			<u>Sería desexable por último que acaden co feedback unha mellora ou maestría na tarefa final.</u>
--	--	--	---